

ACTA N 2019/31
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA
24 DE XULLO DE 2019.-

ÍNDICE DE PUNTOS

PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.....	2
PUNTO SEGUNDO.- APROBACIÓN PRIMEIRA PRÓRROGA DO LOTE Nº 1 DO CONTRATO DO SERVIZO INTEGRAL DE LIMPEZA NOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA E ESCOLAS UNITARIAS DO CONCELLO DE AMES.....	2
PUNTO TERCEIRO.- APROBACIÓN PRIMEIRA PRÓRROGA DOS LOTES 2 E 3 (ESCOLAS INFANTÍS E DEPENDENCIA MUNICIPAIS E DE USO MUNICIPAL) DO CONTRATO DO SERVIZO INTEGRAL DE LIMPEZA EN INSTALACIÓNS MUNICIPAIS E DE USO MUNICIPAL DO CONCELLO DE AMES.....	3
PUNTO CUARTO.- ADXUDICACIÓN DO LOTE Nº 4 MONITOR DE ESPAZOS DE OCIO INFANTIL DENTRO DAS ACCIÓNS FORMATIVAS DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO INSERAMES BRION XI DO CONCELLO DE AMES, TRAS A RENUNCIA Á ADXUDICACIÓN DO LICITADOR CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR.....	4
PUNTO QUINTO.- INADMISIÓN RECURSO REPOSICIÓN PRESENTADO POR ASESORES LOCALES CONSULTORÍA SA CONTRA O DECRETO DA ALCALDÍA 1685/2019, DO 13 DE XUÑO, DE DECLARACIÓN DE DESERTA DA LICITACIÓN DO SERVIZO DE APOIO NA XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E DOUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO E PRIVADO DO CONCELLO DE AMES.....	5
PUNTO SEXTO.- ESTIMACIÓN RECURSO REPOSICIÓN PRESENTADO POR ALGAMAR 2012 SL CONTRA ACORDO DE EXCLUSIÓN DA LICITACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPOS PARA A RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EN VARIOS LUGARES. OCA E OUTROS. ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS 2018.....	6
PUNTO SETIMO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E MONTAXE DOS ELEMENTOS DESCRITOS NO PROXECTO DE MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO MILLADOIRO (CONCELLO DE AMES) MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA. POS 2017.....	8
PUNTO OITAVO.- APROBACIÓN OPERACIÓNS XURÍDICAS COMPLEMENTARIAS PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO PLAN PARCIAL DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE S-15 TRAVESÍA DO PORTO SUR.....	13

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 24 DE XULLO DE 2019.-

Na Casa Consistorial de Ames, sendo as trece horas (13:00 h) do día vinte e catro (24) de xullo de dous mil dezanove (2019), reúnese a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do alcalde, José M. Miñones Conde e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde, David Santomil Mosquera, José Blas García Piñeiro, Genma Otero Uhía, Ana Belén Paz García e Natividad de Jesús González Rodríguez.

Non asiste pero xustifica a súa ausencia a concelleira Luísa Feijóo Montero.

Asiste a interventora Margarita Fernández Sobrino.

Actúa de secretaria a titular da corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-

O señor presidente pregunta aos asistentes se teñen algunha alegación que formular á acta da **sesión anterior, ordinaria, do 19 de xullo de 2019**, que foi distribuída con anterioridade, en cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2568/1986 de 28 de novembro (ROF).

Non formulándose alegacións polos asistentes, a Presidencia declara aprobada a acta, por unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

PUNTO SEGUNDO.- APROBACIÓN PRIMEIRA PRÓRROGA DO LOTE Nº 1 DO CONTRATO DO SERVIZO INTEGRAL DE LIMPEZA NOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA E ESCOLAS UNITARIAS DO CONCELLO DE AMES.

Expediente: 2017/C004/000006

A Xunta de Goberno Local en data 8 de xuño de 2017 adxudicou o Lote nº 1 denominado Centros de Educación Infantil e Primaria e Escolas Unitarias do *Servizo Integral de Limpeza en Instalacións Municipais e de Uso Municipal* denominado Centros de Educación Infantil e Primaria e Escolas Unitarias á empresa LIMPIEZAS COMPOSTELA, SL, CIF B-15032881, por unha duración inicial de execución de DOUS ANOS, podendo prorrogarse anualmente ata un máximo de CATRO ANOS, (incluído período inicial e prórroga (artigo 303 TRLCSP), sendo a prórroga obrigatoria para o contratista.

O 30 de agosto de 2017 procédese á formalización do contrato do Lote nº 1 denominado Centros de Educación Infantil e Primaria e Escolas Unitarias do *Servizo Integral de Limpeza en Instalacións Municipais e de Uso Municipal*, iniciándose a prestación do servizo o 1 de setembro de 2017.

En Xunta de Goberno Local do 9 de agosto de 2018 aprobouse unha primeira modificación do contrato ao Lote nº 1 denominado Centros de Educación Infantil e Primaria e Escolas Unitarias do *Servizo Integral de Limpeza en Instalacións Municipais e de Uso Municipal*, no que se ampliaba a frecuencia nos Centros de Educación Infantil e Primaria e Escolas Unitarias O 30 de agosto de 2018 formalizase Addenda ao contrato, entrando en vigor o 1 de setembro de 2018.

O 7 de xuño de 2019, rexistro de entrada nº 201900000003749, [REDACTED] en representación da empresa **LIMPIEZAS COMPOSTELA SL**, co CIF B15032881, empresa adxudicataria do "*Contrato do Servizo de Integral de Limpeza en Instalacións Municipais e de Uso Municipal do Concello de Ames correspondente ao Lote nº1 Centros de Educación Infantil e Primaria e Escolas Unitarias*", solicita a este concello primeira prórroga do contrato en execución da cláusula segunda do mesmo que establece que "*A duración inicial do*

contrato será de DOUS ANOS, podendo prorrogarse anualmente ata un máximo de CATRO ANOS, (incluído período inicial e prorroga) cumprindo así co establecido no artigo 303 do TRLCSP.

A prorroga será obrigatoria para o contratista.”

O 5 de xullo de 2019 emítese Informe favorable da execución do contrato por parte da Responsable do Contrato, Margarita Iglesias Santomé, arquitecta técnica do Concello de Ames.

O 18 de xullo de 2019 emítese informe favorable pola Secretaría Municipal e o 23 de xullo (informe 306/2019) fiscalízase de conformidade pola Intervención Municipal.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local previa delegación alcalde (decreto 1776/2019), por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeira.- Autorizar expresamente a primeira prórroga ao Lote nº 1 denominado Centros de Educación Infantil e Primaria e Escolas Unitarias do *Contrato do Servizo Integral de Limpeza en Instalacións Municipais e de Uso Municipal do Concello de Ames*, en base á cláusula segunda do contrato formalizado o 30 de agosto de 2017. Esta primeira prórroga, polo prazo de 1 ano, comprende dende o 1 de setembro de 2019 ata o 30 de agosto de 2020.

Segunda.- Notificar á empresa LIMPIEZAS COMPOSTELA , adxudicataria do contrato o acordo de prórroga.

Terceira.- Facultar ao alcalde-presidente do Concello de Ames para cantas actuacións e trámites sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO TERCEIRO.- APROBACIÓN PRIMEIRA PRÓRROGA DOS LOTES 2 E 3 (ESCOLAS INFANTÍS E DEPENDENCIA MUNICIPAIS E DE USO MUNICIPAL) DO CONTRATO DO SERVIZO INTEGRAL DE LIMPEZA EN INSTALACIÓNS MUNICIPAIS E DE USO MUNICIPAL DO CONCELLO DE AMES.

Expediente 2017/C004/000006

En Xuntas de Goberno Local de datas 8 e 29 de xuño de 2017 adxudicase o Lote nº 2 Escolas Infantís e nº 3 Dependencias Municipais e de Uso Municipal *do Servizo Integral de Limpeza en Instalacións Municipais e de Uso Municipal do Concello de Ames,*” á empresa LIMPIEZAS GERMANIA S.L. CIF B-15660541, por unha duración inicial de execución de DOUS ANOS, podendo prorrogarse anualmente ata un máximo de CATRO ANOS, (incluído período inicial e prorroga (artigo 303 TRLCSP), sendo a prórroga obrigatoria para o contratista.

O 30 de agosto de 2017 procedeuse á formalización dos contratos dos lotes nº 2 Escolas Infantís e nº 3 Dependencias Municipais e de Uso Municipal do Servizo Integral de Limpeza en Instalacións Municipais e de Uso Municipal do Concello de Ames,” á empresa LIMPIEZAS GERMANIA S.L., iniciándose a prestación do servizo o 1 de setembro de 2017.

En Xunta de Goberno Local do 9 de agosto de 2018 aprobouse unha primeira modificación do contrato ao Lote nº 3 denominado Dependencias Municipais e de Uso Municipal do Servizo Integral de Limpeza en Instalacións Municipais e de Uso Municipal, no que se ampliaba a frecuencia en distintas dependencias e instalacións municipais. O 30 de agosto de 2018 formalizase Addenda ao contrato, entrando en vigor o 1 de setembro de 2018.

Con data 14 de xuño de 2019, (r.e. nº 201900000003966), [REDACTED] en representación da empresa **LIMPIEZAS GERMANIA SL**, CIF B15660541, empresa adxudicataria do “Contrato do Servizo de Integral de Limpeza en Instalacións Municipais e de Uso Municipal do Concello de Ames” solicita a este concello a primeira prórroga dos contratos aos lotes nº 2 Escolas Infantís e nº 3 Dependencias Municipais e de uso municipal, en execución da cláusula segunda do contrato que establece que “A duración inicial do contrato será de DOUS ANOS, podendo prorrogarse anualmente ata un máximo de CATRO

ANOS, (incluído período inicial e prorroga) cumprindo así co establecido no artigo 303 do TRLCSP.

As prorrogas son obrigatorias para o contratista”

O 5 de xullo de 2019 emítese Informe favorable da execución do contrato por parte da Responsable do Contrato, Margarita Iglesias Santomé, arquitecta técnica do Concello de Ames.

O 18 de xullo de 2019 emítese informe favorable pola Secretaría Municipal e o 23 de xullo de 2019 (informes 304/2019 e 305/2019) fiscalízase de conformidade pola Intervención Municipal.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local previa delegación alcalde (decreto 1776/2019), por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeira.- Autorizar expresamente a primeira prórroga aos lotes nº 2 Escolas Infantís e nº 3 Dependencias Municipais e de uso municipal do Contrato do Servizo Integral de Limpeza en Instalacións Municipais e de Uso Municipal do Concello de Ames, en base á cláusula segunda do contrato formalizado o 30 de agosto de 2017. A primeira prórroga polo prazo de 1 ano comprende dende o 1 de setembro de 2019 ata o 30 de agosto de 2020.

Segunda.- Notificar á empresa LIMPIEZAS GERMANIA S.L. , adxudataria do contrato o acordo de prórroga.

Terceira.- Facultar ao alcalde-presidente do Concello de Ames para cantas actuacións e trámites sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO CUARTO.- ADXUDICACIÓN DO LOTE Nº 4 MONITOR DE ESPAZOS DE OCIO INFANTIL DENTRO DAS ACCIÓNS FORMATIVAS DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO INSERAMES BRION XI DO CONCELLO DE AMES, TRAS A RENUNCIA Á ADXUDICACIÓN DO LICITADOR CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR.

Expediente 2019/C004/000003

A Xunta de Goberno Local en sesión do día 11 de xuño de 2019 realizou unha segunda clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación para a adxudicación do lote nº 4 monitor de espazos de ocio infantil tras a renuncia á adxudicación formulada polo licitador clasificado en primeiro lugar.

Unha vez presentada en prazo a documentación requirida segundo o establecido no artigo 150 da Lei de Contratos do Sector Público polo novo licitador clasificado en primeiro lugar, resulta procedente adxudicar o lote nº4.- Monitor de espazos de ocio infantil.

Figura fiscalización favorable da Intervención Municipal, informe 264/2019.

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación do alcalde (decreto 1776/2019) adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar o **Lote nº 4 – Monitor de Espazos de Ocio Infantil** á seguinte empresa coas seguintes características:

LOTE 4: Monitor de espazos de ocio infantil	CIF	Nº de Accións formativas dos profesionais relacionadas coa docencia a maiores da mínima esixida	Oferta económica
A Billarda S.L.	B-27278845	9 accións formativas	490,00 €

Así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa licitadora.

Respectaranse os prezos e demais condicións presentadas polas empresas adxudicatarias, así

como o resto das características e condicións establecidas no prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas.

Duración do contrato.

A duración do contrato será dende o día seguinte á formalización do contrato, e a prestación do servizo no excederán, en todo caso, do 31 de outubro de 2019.

Os horarios, días e lugares da prestación das accións formativas será determinada previamente polo concello.

As horas de cada un dos lotes adxudicados é a seguinte:

Lote	Acción Formativa	N.º de Horas Formación	Nº Horas Práct
4	Monitor de espazos de ocio infantil	10	0

Resto de condicións

O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e no Prego de Prescricións Técnicas polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado

PUNTO QUINTO.- INADMISIÓN RECURSO REPOSICIÓN PRESENTADO POR ASESORES LOCALES CONSULTORÍA SA CONTRA O DECRETO DA ALCALDÍA 1685/2019, DO 13 DE XUÑO, DE DECLARACIÓN DE DESERTA DA LICITACIÓN DO SERVIZO DE APOIO NA XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E DOUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO E PRIVADO DO CONCELLO DE AMES.

Expediente: 2019/C004/000004

En sesión de Xunta de Goberno Local do 22 de marzo de 2019 foi aprobado o expediente de licitación de servizos complementarios e de colaboración e asistencia en materia de xestión, recadación e inspección dos tributos e dos ingresos de dereito público e privado do Concello de Ames.

Tramitado expediente de licitación resultou admitida a única empresa licitadora presentada, Asesores Locales Consultoría SA.

A Xunta de Goberno Local en sesión de 3 de maio de 2019 acordou solicitar á licitadora, con carácter previo, a realización da DEMO prevista nos pregos de prescricións técnicas. A realización da DEMO quedou fixada para o día 22 de maio de 2019 ás 12:00 horas na Casa Consistorial.

Os servizos informáticos do concello, a requirimento da Mesa de Contratación, informan o incumprimento pola licitadora da DEMO presentada a nivel de arquitectura web.

Mediante decreto da Alcaldía 1685/2019, do 13 de xuño, a vista da proposta da Mesa de Contratación, en base aos informes dos técnicos informáticos municipais, declarase deserta a licitación do servizo de apoio na xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público e privado do Concello de Ames. O referido decreto foi notificado á licitadora Asesores Locales consultoría SA.

Con data do 12 de xullo de 2019 o tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) remite ao Concello de Ames recurso especial en materia de contratación presentado pola licitadora Asesores Locales Consultoría SA contra a súa exclusión da licitación.

A secretaría municipal emite informe con data do 16 de xullo de 2019 no que considera axustado á dereito o acto obxecto de recurso no que se declara deserto o expediente de licitación, sen que supoña indefensión algunha por canto que o licitador puido coñecer sobradamente os motivos polos que a oferta foi rexeitadas e reaccionar (como de feito sucede) fronte tal rexeitamento.

En sesión de Xunta de Goberno Local do 16 xullo de 2019 préstase conformidade ao informe de Secretaria Municipal e acordase a súa remisión, xunto co expediente de contratación, ó TACGAL, en cumprimento do previsto no artigo 56.2 da LCSP.

Con data do 11 de xullo de 2019 a licitadora, Asesores Locales Consultoría SA, presenta recurso de reposición contra o decreto da alcaldía 1685/2019, do 13 de xuño, de declaración do deserto do expediente de licitación.

Con data do 19 de xullo de 2019 a Secretaría municipal emite informe no que propón a inadmisión do recurso de reposición en base ao previsto no artigo 44.5 LCSP no que se recolle que contra as actuacións mencionadas no presente artigo como susceptibles de ser impugnadas mediante recurso especial, non procederá a interposición de recursos administrativos ordinarios.

Por todo a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1776/2019) , por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Inadmitir o recurso de reposición presentado por Asesores Locales Consultoría SA contra o decreto da Alcaldía do Concello de Ames, decreto 1685/2019 do 13 de xuño, de declaración de deserta da licitación do servizo de apoio na xestión, recadación e inspección dos tributos e dos ingresos de dereito público e privado do Concello de Ames, por tratarse de unha actuación susceptible de recurso especial en materia de contratación.

Segundo.- Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO SEXTO.- ESTIMACIÓN RECURSO REPOSICIÓN PRESENTADO POR ALGAMAR 2012 SL CONTRA ACORDO DE EXCLUSIÓN DA LICITACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPOS PARA A RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EN VARIOS LUGARES. OCA E OUTROS. ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS 2018.

Expediente 2018/C005/000007

En sesión de Xunta de Goberno Local do 13 de decembro de 2018 foi aprobado expediente de licitación do subministración de equipos para renovación do alumeado público en varios lugares. Oca e Outros. Orzamentos participativos 2018.

Presentadas ofertas, a Xunta de Goberno Local do 24 de xaneiro de 2019 procedeu á clasificación das ofertas presentadas, resultando clasificada en primeiro lugar a licitadora Algamar 2012 SL, NIF: B74333485.

A Xunta de Goberno Local do 4 de abril de 2019 acordou a exclusión de Algamar 2012 SL porque non achegou a documentación xustificativa de que as luminarias ofertadas cumprían os requisitos dos pregos de licitación.

Con data 12 de abril de 2019, Algamar 2012 SL presenta recurso de reposición contra o acordo de exclusión.

Pola Secretaría Municipal emítense informe propoñendo a estimación do recurso de reposición presentado xa que o requirimento de achegar a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos técnicos non foi realizada a través do sistema de notificación electrónica prevista nos pregos de licitación; propón tamén a retroacción do expediente ao momento procedimental no que o órgano de contratación debe proceder a requirir á empresa Algamar 2012 SL a

documentación técnica xustificativa de que as luminarias ofertadas cumpren os requirimentos técnicos dos pregos de licitación.

Á vista do informado, a Xunta de Goberno Local en sesión de 10 de maio de 2019 adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Admitir a trámite o recurso de reposición interposto por Algamar 2012, SL contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 4 de abril 2019 relativo á exclusión do procedemento de licitación de subministro de equipos para a renovación do alumado público en varios lugares: Oca e Outros, á empresa Algamar 2012, SL.

Segundo.- Dar traslado do recurso de reposición presentado aos licitadores no expediente de licitación antes indicado a fin de que no prazo de 10 días hábiles formulen as alegacións e presenten os documentos e xustificantes que estimen procedentes na defensa do seus intereses.

Terceiro.- Acordar a suspensión do expediente de licitación, ao amparo do art. 117 LPAP, ata a resolución do recurso de reposición.

Cuarto.- Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Notificado o acordo de Xunta de Goberno Local do 10 de maio de 2019 aos licitadores no expediente non consta ningunha alegación no prazo de 10 días conferido, en aplicación do artigo 118.2 LPAP.

Pola Secretaría Municipal emítese novo informe do teor literal seguinte:

(.....)

Por todo o exposto formulase o seguinte informe proposta de acordo:

Primeiro.- Estimar o recurso de reposición interposto por Algamar 2012, SL anulando e deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 4 de abril 2019 relativo á exclusión do procedemento de licitación de subministro de equipos para a renovación do alumado público en varios lugares: Oca e Outros, á empresa Algamar 2012, SL, anulando tamén o acordo adoptado relativo á segunda clasificación de ofertas realizada tras a exclusión de Algamar 2012, SL. Coa estimación do recurso quedará levantada a suspensión do expediente de licitación, acordada en Xunta de Goberno Local do 10 de maio de 2019.

Segundo.- Retrotraer o expediente ao momento procedimental no que o órgano de contratación debe requirir á empresa ALGAMAR 2012 SL a achega da documentación técnica xustificativa de que as luminarias ofertadas cumpren cos requirimentos técnicos dos pregos de licitación. O dito requirimento deberá ser efectuado na forma prevista nos pregos de licitación.

Terceiro.- Requirir á Algamar 2012 SL de forma fehaciente, mediante acordo do órgano de contratación, a través de do sistema de notificación electrónica de Galicia (notifica-gal) que achegue a documentación xustificativa de que as luminarias ofertadas no expediente de licitación do subministro de equipos para a renovación do alumado público en varios lugares: Oca e Outros, cumpren cos requisitos establecidos no prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Á vista de todo o exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación do alcalde (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Estimar o recurso de reposición interposto por Algamar 2012, SL , NIF: B74333485 anulando e deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 4 de abril 2019 relativo á exclusión do procedemento de licitación de subministro de equipos para a renovación do alumado público en varios lugares: Oca e Outros, á empresa Algamar 2012, SL, anulando tamén o acordo adoptado relativo á segunda clasificación de ofertas realizada tras a exclusión de Algamar 2012, SL. Coa estimación do recurso quedará levantada a suspensión do expediente de licitación, acordada en Xunta de Goberno Local do 10 de maio de 2019.

Segundo.- Retrotraer o expediente ao momento procedimental no que o órgano de contratación debe requirir á empresa ALGAMAR 2012 SL a achega da documentación técnica xustificativa de que as luminarias ofertadas cumpren cos requirimentos técnicos dos pregos de licitación. O dito requirimento deberá ser efectuado na forma prevista nos pregos de licitación.

Terceiro.- Requirir á Algamar 2012 SL de forma fehaciente, mediante acordo do órgano de contratación, a través de do sistema de notificación electrónica de Galicia (notifica-gal) que achegue a documentación xustificativa de que as luminarias ofertadas no expediente de licitación do subministro de equipos para a renovación do alumado público en varios lugares: Oca e Outros, cumpren cos requisitos establecidos no prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO SÉTIMO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E MONTAXE DOS ELEMENTOS DESCRITOS NO PROXECTO DE MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO MILLADOIRO (CONCELLO DE AMES) MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA. POS 2017.

Expediente: 2019/C005/000001.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da lista por orde decrecente da puntuación e proposta de adxudicación que formula a Mesa de Contratación na súa reunión do 11 de xullo de 2019, no procedemento aberto para a adxudicación do contrato mixto de subministración, instalación e montaxe dos elementos descritos no proxecto de mellora de eficiencia enerxética da iluminación pública en Milladoiro (Concello de Ames) mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación e suxeito a regulación harmonizada.

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Clasificar por orde decrecente de puntuación ás empresas participantes na licitación declaradas admitidas no procedemento, coa seguinte orde:

[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]

Segundo.- Declarar que as características esenciais da referida contratación para o clasificado en primeiro lugar, [REDACTED], son as que figuran na proposición formulada pola empresa e as que figuran nos Pregos de Cláusulas Administrativas particulares e nos Pregos de Prescricións Técnicas.

Terceiro.- Prezo:

A.- O importe da oferta de dito licitador ascende á contía de cento oitenta e seis mil cincocentos sesenta e sete euros e corenta e un céntimos de euro **(186.567,41.- €)**

B.- IVA repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende á contía de trinta e nove mil cento setenta e nove euros e dezaseis céntimos de euro **(39.179,16.- €)**

Cuarto.- Duración do contrato

A duración inicial do contrato será de **sete semanas segundo o proxecto técnico**, a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo. O contrato só prorrogarase cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

Quinto.- Resto de condicións. O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos Pregos de Cláusulas Administrativas particulares polos que se rexe o procedemento, así como coa proposición formulada.

Sexto.- Notificar o presente acordo aos licitadores.

Sétimo.-No prazo de **dez días hábiles**, contados dende o seguinte a aquel no que recibise o requirimento, achegará, por medios electrónicos e coa sinatura electrónica a seguinte documentación, segundo se especifica nos Pregos de Cláusulas Administrativas particulares do procedemento de licitación:

1º. Documentos que acrediten a personalidade do empresario e o seu ámbito de actividade. Se a empresa fose persoa xurídica a personalidade acreditarase mediante a presentación da escritura de constitución ou modificación, no seu caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito sexa esixible segundo a lexislación mercantil aplicable. Se devandito requisito non fora esixible, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acta constitutiva, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial. Se se trata dun empresario individual a mesa de contratación comprobará a identidade do licitador e a súa capacidade para realizar o obxecto do contrato.

2º. Documentos que acrediten, no seu caso, a representación. Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro presentarán poder bastante para o efecto, previamente bastantado pola Secretaría Municipal do Concello de Ames.

Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá figurar inscrito, no seu caso, no Rexistro Mercantil. Se se trata dun poder para acto concreto non é necesaria a inscrición no Rexistro Mercantil, de acordo co artigo 94.5 do Regulamento do Rexistro Mercantil.

3º. Solvencia económica e financeira, e técnica ou profesional. Acreditación da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional polos medios que se especifiquen no anuncio de licitación e no presente prego (Anexo III).

Nas Unións Temporais de Empresarios, a efectos de determinación da súa solvencia, acumularanse as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma.

A acreditación da solvencia mediante medios externos esixirá demostrar que para a execución do contrato dispón efectivamente deses medios mediante a exhibición do correspondente documento de compromiso de disposición.

O órgano de contratación poderá prohibir, facéndoo constar que un mesmo empresario poida concorrer para completar a solvencia de máis dun licitador.

O licitador executará o contrato cos mesmos medios que achegou para acreditar a súa solvencia. Só poderá substituílos, por causas imprevisibles, por outros medios que acrediten solvencia equivalente e coa correspondente autorización da Administración.

4º. Cumprimento das normas de garantía da calidade e de xestión ambiental. Se así se prevé no Anexo VIII, o licitador deberá achegar os certificados alí indicados, que operarán como criterio de solvencia a acreditar mesmo cando se achegue o certificado acreditativo da clasificación.

5º. Habilitación empresarial ou profesional para a realización da prestación obxecto de contrato.

Se resulta legalmente esixible como condición de aptitude para contratar, deberá achegarse a documentación que acredite a correspondente habilitación empresarial ou profesional para a realización da prestación que constitúa o obxecto do presente contrato.

Se o contrato está reservado, conforme ao apartado C do cadro – resumo de características, deberá achegar o certificado oficial que acredite a súa condición como centro especial de emprego, empresa de inserción social, ou acreditar as condicións de organización cualificada, de acordo coa Disposición Adicional Cuadraxésima Oitava LCSP.

6º. Certificados acreditativos de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social.

7º. Cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto sobre Actividades Económicas: Alta, referida ao exercicio corrente, ou último recibo, xunto cunha declaración responsable de non darse de baixa na matrícula do citado Imposto e, no seu caso, declaración responsable de atoparse exento.

8º. Documentos acreditativos da efectiva disposición dos medios que, no seu caso, comprometéronse a adicar ou adscribir á execución do contrato. (Cando así se sinale no apartado P do cadro – resumo do cadro de características.)

9º. Garantía definitiva

Documento acreditativo de ter constituído, en calquera das formas establecidas no artigo 108 da LCSP, unha garantía definitiva por un importe de 9.328,37 euros, segundo se especifica nos pregos que se usaron para a licitación, correspondente ao 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

10º. Documentación acreditativa da subcontratación con aquelas empresas coas que o adxudicatario teña previsto subcontratar, de acordo co apartado Q do cadro-resumen.

Terá que achegar segundo corresponda, unha declaración na que indique a parte do contrato que vai subcontratar, sinalando o importe, e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que vaia a encomendar a súa realización, asinada por ambas as partes xunto co resto de documentación que se solicite pola Administración.

11º. Gastos de publicidade

12ª Seguro de Responsabilidade Civil, se procede, conforme ao apartado T do cadro resumo.

13º. Calquera outra documentación establecida no Cadro Anexo de Características ou no Prego de Prescricións Técnicas, atendendo ao obxecto do contrato.

14º.- Documentación de carácter técnico.

EQUIPOS:

1.- Datos identificativos completos das empresas fabricantes de luminarias/ drivers: denominación social, nome comercial, código de identificación fiscal.

- Certificado ISO 9001 da empresa fabricante.
- Certificado ISO 14001, EMAS ou outro que acredite que a empresa fabricante está adherida a un sistema de xestión integral de residuos.

2.- Información técnica de cada modelo ofertado, incluíndo claramente.:

Marca e modelo.

Localización de cada equipo.

Ficha técnica da luminaria/módulo, no que se describan claramente para os modelos ofertados as súas características, dimensións, materiais, niveis de protección e illamento, prestacións e parámetros técnicos de funcionamento, entre outros:

- Número de LEDS, marca, modelo e características dos mesmos.
- Potencia nominal, temperatura de cor, ICR, nivel de aislamiento, intensidade de funcionamento, grao de hermeticidade, factor potencia da luminaria.
- Vida útil estimada da luminaria, especificando as condicións de funcionamento consideradas.
- Marca e modelo de driver, niveis de protección, especificacións de funcionamento.

- Descrición do sistema de regulación previsto (DALI, dobr nivel, 1-10 V....).
- Fotografía da luminaria.
- Curvas fotométricas.

Características dos protectores de sobretensión ofertados en luminarias/cadro: marca e modelo, parámetros de funcionamento, tipo, montaxe proposta.

3.-Certificados: Os seguintes certificados, emitidos por laboratorio independente acreditado por ENAC ou entidade equivalente, para luminarias e drivers:

Declaración de conformidade de marcado CE.

- UNE-EN 55015. Límites e métodos de medida das características relativas á perturbación radioeléctrica dos equipos de iluminación e similares.
- UNE-EN 60598-1. Luminarias, Requisitos xerais e ensaios.
- UNE-EN 60598-2-3 Luminarias. Requisitos particulares. Luminarias de iluminación público.
- UNE-EN 60598-2-5. Luminarias. Requisitos particulares. Proxectores.
- UNE-EN 61000-3-2. Compatibilidade electromagnética (CEM). Parte 3.2. Límites. Límites para as emisións de corrente harmónica (equipos con corrente de entrada 16 A por fase).
- UNE- EUNE-EN 61000-3-3 Compatibilidade electromagnética (CEM). Parte 3: Límites. Sección 3.Limitación das variacións de tensión, fluctuacións de tensión e flicker nas redes públicas de subministración de baixa tensión para equipos con corrente de entrada 16A por fase e non suxeitos a unha conexión condicional.
- UNE-EN 61547. Equipos para iluminación de uso xeral. Requisitos de inmunidade CEM.
- UNE-EN 62031.- Modulo LED para iluminación xeral. Requisitos de seguridade.
- UNE-EN 62471: 2009 de seguridade fotobiológica de lámpadas e aparellos que utilizan lámpadas.
- UNE-EN 61347-2-13: Dispositivos de control de lámpada. Parte 2-13: Requisitos particulares para dispositivos de control electrónicos alimentados con corrente continua ou corrente alterna para módulos LED.
- UNE-EN 62384. Dispositivos de control electrónicos alimentados en corrente continua ou corrente alterna para módulos LED. Requisitos de funcionamento.
- Certificado sobre o grao de hermeticidade da luminaria, conxunto óptico en xeral, segundo norma UNE-EN 60598.
- Certificado de reciclabilidade no que se xustifique o cumprimento das directivas RHOS e WEE.
- Certificación que inclúa o ensaio e estudo fotométrico das luminarias conforme ao establecido na norma UNE-EN 13032: matriz de intensidades luminosas, diagrama polar e isolux e curva de coeficiente de utilización. Fluxo luminoso total emitido pola luminaria e fluxo luminoso ao hemisferio superior en posición de traballo máximo permitido FNS inst.
- Ensaio de medidas eléctricas: tensión, corrente de alimentación, potencia nominal LEDS e potencia total consumida por luminaria con todos os seus compoñentes e factor de potencia.
- Ensaio de temperatura máxima asignada (tc) dos compoñentes ou medida do índice de reprodución cromática (mínimo requirido: Ra 80).
- Medida de temperatura de cor correlacionada en Kelvin, rango de temperatura admitida.
- Certificado emitido polo fabricante da luminaria onde se indique expresamente a duración da garantía e da vida útil da luminaria (conxunto fonte de luz + fonte de alimentación).

Todos os certificados e ensaios indicados deberán ser emitidos por entidades acreditadas dentro da Unión Europea.

O Concello de Ames poderá solicitar en calquera momento aos licitadores certificados de laboratorios externos e ensaios fotométricos que xustifiquen os valores de funcionamento declarados polo fabricante para os diferentes modelos ofertados.

4.- Xustificación luminotécnica das solucións propostas, realizados mediante software informático de recoñecido prestixio e amplo uso tipo dialux ou similar e asinados por técnico competente, para as

seccións tipo incluídos no proxecto (37 seccións), incluíndo os niveis de luminescencia media, luminescencia mínima, uniformidade global e uniformidade lonxitudinal, en base a un factor de mantemento de 0,80, que verifique as esixencias normativas e de proxecto.

A fotometría da luminaria deberá ser realizada de acordo ás normas: UNE-EN 13032-1: 2006. Luz e iluminación. Medición e presentación de datos fotométricos de lámpadas e luminarias. Parte 1: Medición e formato de ficheiro e EN 13032-4. Luz e iluminación. Medicións e presentación de datos fotométricos. Parte 4: Lámpadas LED, módulos e luminarias LED.

5.-Xustificación do cumprimento do Real Decreto 1890/2008, do 14 de novembro, polo que se aproba o regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de iluminación exterior, na que se comprrobe que a instalación deberá conseguir unha cualificación enerxética A ou B.

O estudo luminotécnico propoñerá a eficiencia enerxética da instalación e achegase o necesario para coñecer as características e prestacións dos seus compoñentes.

- Xustificación da clasificación das vías segundo ITC-EA 02.
- Valores máximos de luminancia e iluminancia establecidos na ITC-EA 02.
- Valores mínimos e de referencia de eficiencia enerxética coa correspondente cualificacións enerxética da instalación establecidos na ITC-EA 01.
- Prescrición dos compoñentes da instalación, segundo o sinalado en ITC-EA 04.
- Réxime de funcionamento, sistemas de accionamento e regulación do nivel luminoso, segundo ITC-EA 04.
- Plan de mantemento segundo ITC-EA 05.

Verificación da documentación achegada

A Mesa de Contratación verificará que o proposto como adxudicatario acredita documentalmente o cumprimento dos requisitos de participación esixidos, valéndose para iso, se fose necesario, do asesoramento do persoal técnico do propio Concello ou dos asesores externos que considere adecuados.

De non cumprimentarse adecuadamente coa presentación de toda a documentación indicada nos apartados anteriores e no prazo, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso para solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas. Con todo, ao licitador que non cumprimentase o requirimento de documentación esixiráselle o 3% do orzamento base de licitación (IVE/IVE excluído) en concepto de penalidade que será efectivo, en primeiro lugar, contra a garantía provisional se a houbese, sen prexuízo do establecido na letra a) apartado 2 do artigo 71 LCSP.

Oitavo.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO OITAVO.- APROBACIÓN OPERACIÓNS XURÍDICAS COMPLEMENTARIAS PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO PLAN PARCIAL DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE S-15 TRAVESÍA DO PORTO SUR.

Expediente 2018/213/000008

Polo Pleno do Concello de Ames en sesión de data 1 de abril de 2.013 deuse aprobación definitiva ao Plan Parcial vixente que desenvolve o solo urbanizable S-15 "Travesía do Porto Sur".

A Xunta de Goberno Local de 21 de marzo de 2.013 aprobou a escritura de constitución da Xunta de Compensación do S-15 "Travesía do Porto Sur" de 27 de decembro de 2.012, entidade promotora deste desenvolvemento.

A Xunta de Goberno Local en sesión de 15 de xaneiro de 2013 aprobou inicialmente o proxecto de compensación do S-15 Travesía do Porto Sur, cuxa tramitación rematou co documento aprobado definitivamente o 18 de abril de 2013. Cómpre sinalar, que este documento incorpora no seu contido copia das notas simples das parcelas de resultado inscritas con motivo dun

primeiro proxecto de compensación que fora aprobado o 22 de agosto de 2007, tramitado en base a un plan parcial anterior que fora anulado por sentenza xudicial.

Con data do 1 de marzo de 2019, preséntase no concello, pola Xunta de Compensación do S-15 Travesía do Porto Sur, solicitude de tramitación de operacións xurídicas complementarias.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 1 de abril de 2019 acordou, no punto noveno da súa orde do día, PROPOSTA OPERACIÓNS XURÍDICAS COMPLEMENTARIAS PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO PLAN PARCIAL SECTOR URBANIZABLE S-15 TRAVESÍA DO PORTO SUR, someter a audiencia por un prazo de dez días, o expediente de aprobación das operacións xurídicas complementarias ao proxecto de compensación do S-15 "Travesía do Porto Sur" de abril de 2019 presentado pola Xunta de Compensación do S-15 "Travesía do Porto Sur", coa notificación a tódolos titulares de solo e dereitos con carácter previo á aprobación das operacións xurídicas complementarias ao proxecto de compensación do sector S-15 "Travesía do Porto Sur". Non constan alegacións durante o referido trámite de audiencia.

No acordo de sometemento a devandita audiencia, sinalábase como data de presentación do proxecto de compensación consolidado a do 8 de abril de 2018, detectándose con posterioridade un erro no ano, de xeito que onde di 2018, debe dicir 2019.

Con data do 28 de xuño de 2019, 2 de xullo 2019, 3 de xullo 2019, 16 e 17 de xullo 2019, ten entrada no concello documentación presentada pola Xunta de Compensación, entre a que se atopa o documento do proxecto de compensación sometido a audiencia no que se corríxen defectos materiais e se clarexan aspectos formais requiridos polo Rexistro da Propiedade.

Finalmente, con data do 19 de xullo de 2019, preséntase un único documento refundido das operacións xurídicas complementarias ao proxecto de compensación, que é o que agora infórmase favorablemente pola asesoría xurídica de urbanismo para a súa aprobación.

Figuran no expediente informes favorables da arquitecta municipal, Marta Bellas Rodríguez, e da asesora xurídica de urbanismo, Susana Ares Gómez, do teor literal seguinte:

Informe técnico da arquitecta municipal:

"Expediente 2018/213/000008
2013/213/000004

Asunto: Desenvolvemento do sector S-15 "Travesía do Porto Sur" do PXOM
Proxecto de Compensación.

CFI V70109053

Dirección: Praza da Cítara esquina Rúa da Estrada, 3 Baixo. Pontevedra-36004

Trámite : Aprobación das operacións xurídicas complementarias
ao proxecto de compensación do S-15 "Travesía do Porto Sur" de abril de 2019

Antecedentes máis recentes:

O plan parcial vixente que desenvolve o solo urbanizable S-15 "Travesía do Porto Sur" acada aprobación definitiva o día 1 de abril de 2013 polo acordo do pleno do Concello.

A Xunta de Goberno Local do concello de Ames de 21 de marzo de 2013 aproba a escritura de constitución da Xunta de Compensación do S-15 "Travesía do Porto Sur" de 27 de decembro de 2012, entidade promotora deste desenvolvemento.

A Xunta de Compensación do S-15 "Travesía do Porto Sur" en data 15 de xaneiro de 2013 aproba inicialmente o correspondente Proxecto de Compensación do S-15 "Travesía do Porto Sur", cuxa tramitación remata no documento aprobado definitivamente o 18 de abril de 2013 (despois de exposición pública e resolución de alegacións). Compre sinalar que este documento incorpora no seu contido copias das notas simples das parcelas de resultado inscritas con motivo dun primer proxecto de compensación aprobado o 22 de agosto de 2007 tramitado en base a un plan parcial anterior deste sector que fora anulado por sentenza xudicial.

A Xunta de Compensación do S-15 "Travesía do Porto Sur" con CIF V70109053 presenta de xeito telemático con rexistro de entrada no concello de 1 de marzo de 2019 solicitude de tramitación de operacións xurídicas complementarias e aporta:

-copia da acreditación da cancelación das cargas sobre as fincas polos procedementos de embargo de

procedementos de apremio da Diputación Provincial.

-Memoria de xeorreferenciación das fincas de resultado coa validación gráfica alternativa de data 4 de febreiro de 2019 de CVS P9W9H161YCEWCWG6

D. José Luis Docampo Bugallo coma presidente da Xunta de Compensación do S-15 "Travesía do Porto Sur" con rexistro de entrada telemático no concello de data 2 de abril de 2.019 presenta escrito no que expón que a documentación completa e non acada pola dimensión acceso telemático e que achega cd e copia en papel. Consta memoria de xeorreferenciación das fincas de resultado coa validación gráfica alternativa de data 3 de abril de 2019 de CVS 7TN7J0TFT47WG7XT

Con data 8 de abril de 2.019 con rexistros de entrada 20199000000893, 20199000000894, 20199000000895 e 20199000000896 consta o acceso telemático da documentación referida.

Artículo 273. Operaciones jurídicas complementarias y modificaciones al proyecto

Se entienden como operaciones jurídicas complementarias a un proyecto de equidistribución los documentos o datos que completan o aclaran sus determinaciones, sin alterar en ningún momento su contenido sustancial.

Las operaciones jurídicas complementarias, que no se opongan al plan que se ejecute ni al proyecto de equidistribución definitivamente aprobado, podrán ser aprobadas sin información pública por el ayuntamiento, quien deberá reflejarlas en certificación administrativa que será objeto de inscripción en el Registro de la Propiedad por el promotor del proyecto.

Las demás modificaciones en el proyecto de equidistribución no podrán aprobarse sin que previamente se de audiencia a todos los propietarios y titulares de derechos reales afectados por la modificación requerida. En cualquier caso, estas modificaciones no afectarán al contenido de la cuenta de liquidación provisional.

Polo tanto, as operacións xurídicas complementarias ao proxecto de compensación do S-15 "Travesía do Porto Sur" que son obxecto de este informe esixen:

- Aterse as determinacións do plan parcial vixente aprobado o 1 de abril de 2.013.
- Respetar o contido do Proxecto de Compensación aprobado o 18 de abril de 2.013.
- Cumprir coa nova Lei 2/2016, de 2 de febreiro do Solo de Galicia, e o seu regulamento.

O proxecto de compensación do S-15 prevé a adjudicación ao concello do viario, as zonas libres, zonas verdes e equipamentos do plan parcial salvo no caso concreto da parcela DP.2 de equipamento de 5.002,00m2 que adjudica ao servizo galego de saúde, xa que fora obxecto de cesión gratuíta por parte do concello con anterioridade para a construción dun centro de saúde, hoxe en execución) e os dereitos reais que xeran as servidumes de uso público que se establecen sobre as parcelas de resultado números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10 e 11 determinadas en cada unha delas.

A aprobación do proxecto incorpora ao inventario municipal de bens as referidas parcelas de cesión obrigatoria de carácter público do plan parcial e incorporar ao patrimonio municipal do solo a parcela 1 de resultado patrimonial resultado da suma dos dereitos correspondentes ao 10% de cesión obrigatoria do aproveitamento do ámbito xunto cos dereitos correspondentes á superficie preexistente de camiño público propiedade do concello.

INFORME

A XGL de data 11-4-2019 acorda someter o expediente de aprobación das operacións xurídicas complementarias ao proxecto de compensación do S-15 "Travesía do Porto Sur" de abril de 2.019 presentado pola Xunta de Compensación do S-15 "Travesía do Porto Sur" a audiencia coa notificación a tódolos titulares de solo e dereitos con carácter previo á aprobación das operacións xurídicas complementarias ao proxecto de compensación do sector S-15 "Travesía do Porto Sur" contendo documento de xeorreferenciación en coherencia coa validación gráfica alternativa de data 3 de abril de 2019 de CVS 7TN7J0TFT47WG7XT

Transcorrido o prazo de audiencia non constan alegacións.

Con data 2 de xullo de 2.019 presentan documentación relativa á subsanación de erros para aprobación das operacións xurídicas complementarias ao proxecto de compensación do sector S-15 "Travesía do Porto Sur" contendo documento de xeorreferenciación en coherencia coa validación gráfica alternativa de data 1 de xullo de 2019 de CVS EQ8RBBVN5TW988Q6.

Con data 16 de xullo de 2.019 presentan novo documento de xeorreferenciación en coherencia coa validación gráfica alternativa de data 15 de xullo de 2019 de CVS VJWDP1B5M1S83CN7 para eliminar a nova finca catastral 4340101NH3444S nomeada na validación anterior, cuxa superficie pertence á zona verde pública preexistente exterior ao sector no linde sur.

Analizado o documento aportado de xeito telemático e o contido para a súa inscrición rexistral á vista do establecido no regulamento da lei do solo e as precisións introducidas no documento de operacións xurídicas complementarias e toda vez que os erros que se subsanan coa documentación aportada tralo trámite de audiencia son de orden menor se informa favorablemente o documento de operacións xurídicas complementarias coherente coa validación gráfica alternativa de data 15 de xullo de 2019 de CVS VJWDP1B5M1S83CN7

Lémbrese que a adxudicación de aproveitamento pola superficie do camiño xera no cadro de cargas por parcela unha participación do 1,19% á conta de liquidación definitiva que son 31.627,19€ á conta de liquidación provisional dos gastos de urbanización a cargo do concello, sen detrimento da procedencia aos efectos económicos por parte da xunta de compensación de resarcir ao concello tanto dos gastos de urbanización por obras que precise adiantar coma os xa asumidos compatibles coa urbanización do sector.

Polo exposto, propónse á xunta de goberno local:

-Aprobar o documento de operacións xurídicas complementarias ao proxecto de compensación do sector S-15 "Travesía do Porto Sur" en coherencia coa validación gráfica alternativa de data 15 de xullo de 2019 de CVS VJWDP1B5M1S83CN7.

En Ames,

Marta Bellas Rodríguez

A arquitecta "

Informe xurídico da asesora xurídica de urbanismo:

"ASUNTO: operacións xurídicas complementarias proxecto de compensación do Plan Parcial

ÁMBITO: Sector de solo urbanizable S-15 "Travesía do Porto Sur"

INICIATIVA: Privada

Expediente: 2018/213/000008

INFORME

1.- Normativa aplicable

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, LSG.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- RD 1093/1997, do 4 de xullo, polo que apróbanse as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- Plan Xeral de Ordenación Municipal, do 28 de xuño do 2002, PXOM.
- Plan parcial S-15 "Travesía do Porto Sur"
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- Antecedentes e consideracións legais

▪ Na data do 11 de abril do 2019 a Xunta de Goberno Local adoptou acordo polo que someteuse a audiencia, por un prazo de dez días, a proposta de operacións xurídicas complementarias ao proxecto de compensación do sector de solo urbanizable S-15 do PXOM, con carácter previo á aprobación destas, proposta contida no proxecto de compensación consolidado presentado pola Xunta de Compensación o 8 de abril do 2019, e suscrito pola abogada María Delfina Losa García, así coma polos arquitectos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña.

Con carácter previo, cómpre apuntar que no acordo de sometemento á devandita audiencia sinalábase como data de presentación do proxecto de compensación consolidado a do 8 de abril do 2018, detectándose con posterioridade un erro no ano, de xeito que onde di 2018, ten que dicir 2019. Ao efecto cómpre apuntar a conveniencia de corrixir o mesmo, facendo uso da posibilidade contemplada ao efecto no art. 109.2 da Lei 39/2015 segundo o cal as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A audiencia realizouse cos propietarios de fincas e aproveitamentos, así coma aos titulares de cargas e gravames afectados que relaciónanse deseguido co obxecto de alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. Rematado o devandito trámite, non consta a presentación de alegacións, segundo así certifícase pola Secretaría Xeral do Concello.

- Sergas (Practicada notificación)
- Deputación Provincial da Coruña (Practicada notificación)
- Triodos bank S.A. (Practicada notificación e presenta escrito polo que dase por notificado)
- SAREB (Sociedad de Gestión de Activos procedentes de la Reestructuración Bancaria, S.A.)
- Corprega, S.A., Practicada notificación e presenta escrito polo que dáse por notificada.
- Don Albino Cerviño Garazo. Comunidade hereditaria de Don Albino Cerviño Lopo.
- Manuel Rodríguez Cerviño. Comunidade hereditaria de Adelina Cerviño Lopo: Intentada no lograda práctica de notificación efectúase notificación edictal BOE.
- Javier Calvo Sande (apoderado de Manuel Rodríguez Cerviño): Practicada notificación.

- Severo Vieites Cerviño. Practicada notificación.
- Ruafer S.A. Practicada notificación.
- Residencia Nueva Vida S.A. Practicada notificación.
- Montesgal S.L. Practicada notificación.

▪ O 28 de xuño do 2019 (R.E. Nº 20199900001739), 2 de xullo do 2019 (R.E. Nº 20199000001762), 3 de xullo do 2019 (R.E. Nº 20199000001785 E 20199000001786) e 16 e 17 de xullo do 2019 (R.E. Nº 20199000000902 e 20199000001909) ten entrada no Concello documentación presentada pola Xunta de Compensación, entre a que atópase o documento do proxecto de compensación consolidado sometido a audiencia, no que corríxense defectos materiais e claréxanse aspectos formais requiridos polo Rexistro da Propiedade.

A derradeira presentación nun único documento refundido das operacións xurídicas complementarias ao proxecto de compensación ten entrada no Concello o 19 de xullo do 2019 (R.E. Nº 20199000001928, 20199000001929, 20199000001930), documento que é o que sométese a aprobación.

▪ A arquitecta municipal emite informe con proposta de aprobación da proposta de operacións xurídicas complementarias coa derradeira validación gráfica presentada.

▪ Trala tramitación do art. 273 RLSG, incluído o trámite de audiencia do art. 7.11 do RD 1093/97, sen que conste a presentación de alegacións, documentos e xustificacións distintas das invocadas pola Xunta de Compensación como Entidade promotora das operacións xurídicas complementarias ao Proxecto de compensación. E tendo en conta o carácter non substancial das correccións e aclaracións introducidas tralo trámite de audiencia, a entender da que subscribe procedería a aprobación das operacións xurídicas complementarias en cuestión.

▪ Tramitación, aprobación: arts. 273.1º e 2º RLSG e art. 7.11 do RD 1093/97. Competencia da Alcaldía art. 21.1 j) LBRL e Decreto 1776/2019 do 21 de xuño, de delegación do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

Unha vez gañe firmeza o acto de aprobación das operacións xurídicas complementarias formalizarase certificación e documentación complementaria do xeito esixido nos arts. 2.2 e 6-8 do RD 1093/97 para que sexa obxecto de inscrición no Rexistro da Propiedad pola Xunta de compensación como promotora do proxecto.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Corrixir o erro no ano consignado no primeiro punto do acordo adoptado o 11 de abril do 2019 pola Xunta de Goberno Local polo que someteuse a audiencia a proposta de operacións xurídicas complementarias ao proxecto de compensación do S-15 aprobado o 18 de abril do 2013, de xeito que, onde di "... contidos no proxecto de compensación consolidado presentado pola Xunta de Compensación o 8 de abril do 2018..." debe dicir "...8 de abril do 2019..."

Segundo.- Aprobar as operacións xurídicas complementarias ao proxecto de compensación do S-15 aprobado o 18 de abril do 2013, operacións contidas no proxecto de compensación consolidado sometido a audiencia, coas derradeiras correccións e aclaracións formais introducidas no mesmo que constan na documentación presentado pola Xunta de Compensación o 19 de xullo do 2019 (R.E. Nº 20199000001928, 20199000001929, 20199000001930).

O devandito proxecto de compensación consolidado do S-15 subscribíase pola abogada María Delfina Losa García, así coma polos arquitectos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña, co fin último de acadar a inscrición rexistral do proxecto de compensación do ámbito suspendida polos defectos subsanables relacionados na nota de calificación negativa do Rexistro da Propiedade do 28 de novembro do 2018.

Terceiro.- Notifíquese aos propietarios de fincas e aproveitamentos, así coma aos titulares de cargas e gravames afectados coa indicación do réxime de recursos que proceda tratándose dun acto que pon fin á vía administrativa.

Cuarto.- Logo que gañe firmeza o devandito acordo de aprobación, de ser procedente, formalizarase de oficio polo Concello a certificación e documentación complementaria do RD 1093/97 polo Concello, para posterior presentación pola Xunta de Compensación no Rexistro da Propiedade.

Asesoría xurídica de urbanismo

Susana Ares Gómez

Asinado dixitalmente"

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Corrixir o erro no ano consignado no primeiro punto do acordo adoptado o 11 de abril do 2019 pola Xunta de Goberno Local, polo que se someteu a audiencia a proposta de operacións xurídicas complementarias ao proxecto de compensación do S-15 aprobado o 18 de

abril do 2013, de xeito que, onde di "... contidos no proxecto de compensación consolidado presentado pola Xunta de Compensación o 8 de abril do 2018..." debe dicir "...8 de abril do 2019..."

Segundo.- Aprobar as operacións xurídicas complementarias ao proxecto de compensación do S-15 Travesía do Porto Sur aprobado o 18 de abril do 2013, operacións contidas no proxecto de compensación consolidado sometido a audiencia, coas derradeiras correccións e aclaracións formais introducidas no mesmo, que constan na documentación presentada pola Xunta de Compensación o 19 de xullo do 2019, rexistro de entrada (R.E. Nº 201990000001928, 201990000001929, 201990000001930).

O devandito proxecto de compensación consolidado do S-15, subscríbese pola avogada María Delfina Losa García, así coma polos arquitectos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña, co fin último de acadar a inscrición rexistral do proxecto de compensación do ámbito suspendida polos defectos subsanables relacionados na nota de cualificación negativa do 28 de novembro do 2018.

Terceiro.- Notificar aos propietarios de fincas e aproveitamentos, así coma aos titulares de cargas e gravames afectados coa indicación do réxime de recursos que proceda tratándose dun acto que pon fin á vía administrativa.

Cuarto.- Logo que gañe firmeza o devandito acordo de aprobación, formalizárase de oficio polo Concello a certificación e documentación complementaria do RD 1093/97 polo Concello, para posterior presentación pola Xunta de Compensación no Rexistro da Propiedade.

Sexto.- Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás trece horas e trinta minutos estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo